



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BETANZOS

EXPEDIENTE: 2023/G014/000002

A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BETANZOS foi aprobada por acordo do Pleno de data 31-08-2023 de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local. Someteuse a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 174 do 12-09-2023 para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas. Durante devandito prazo puido ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulasen as alegacións que se estimasen pertinentes. Así mesmo, estivo a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: sede.betanzos.gal.

Non constan reclamacións no citado prazo.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado

O que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BETANZOS

Modifícase o artigo 7 que quedaría como segue:

Artigo 7. Honras, Prerrogativas e Distincións.

Os/as membros da Corporación Local gozan, unha vez que tomaron posesión do cargo, das honras, prerrogativas e distincións propios deste, que se establezan nas Leis estatais e nas que as desenvolvan, e están obrigados/as ao cumprimento estrito dos seus deberes e obrigas inherentes naquel.

Os Concelleiros e Concelleiras electos/as teñen o dereito e o deber de relacionarse coa administración por medios electrónicos.

Modifícase o artigo 59

Artigo 59. Intervencións dos/as membros da Corporación Local.

[...]

Para tratar unha moción atenderase ao réxime xurídico aplicable ao debate establecido para os plenos en xeral. O número de mocións que se poden presentar como máximo por grupo municipal e sesión virá determinado nos acordos organizativos que determine o Pleno en cada mandato. No caso de non determinar ningún, se atenderá ao acordado no mandato anterior e no caso da primeira vez, tres mocións por grupo e sesión.

[...]

O número de rogos e/ou preguntas que se poden presentar como máximo por grupo municipal e sesión virá determinado nos acordos organizativos que determine o Pleno en cada mandato. No caso de non

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

determinar ningún, se atenderá ao acordado no mandato anterior e no caso da primeira vez, oito rogos e/ou preguntas pr grupo e sesión.

Engádense varios puntos ao artigo 50, quedando como segue:

Artigo 50. Lugar e duración das sesións.

1. O Pleno celebrará as súas sesións na Casa Consistorial, salvo nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria ou por Decreto de Alcaldía ditada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, poderá habilitarse outro edificio ou local para ese efecto. En calquera caso, esta circunstancia farase constar no Acta.

Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, haberá de respectar o principio de unidade de acto e procurarse que termine no mesmo día do seu comezo. Se este rematara sen que se debateran todos os asuntos incluídos na orde do día, a Presidencia poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos deberanse de incluír na orde do día da seguinte sesión. O Alcalde ou Alcaldesa, segundo o seu prudente criterio e en atención ao volume e complexidade dos asuntos para tratar poderá dispoñer dun ou máis descansos ao longo da sesión, coa advertencia da hora en que se continuará a sesión.

2. Os membros da corporación poderán atoparse en lugares distintos ao lugar de celebración da sesión a condición de que se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos, e audiovisuais, a identidade dos devanditos membros, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

En todo caso debe quedar garantida a participación do membro corporativo na votación dos asuntos a tratar, o cal equivale á garantía de expresar de forma inequívoca o sentido do voto e da súa liberdade para emitilo. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos as audioconferencias e as videoconferencias.

3. Para facer uso da posibilidade recollida no parágrafo anterior, incluíndo a facultade de realizar o voto telemático, esta debe solicitarse por parte do membro do órgano colexiado cun mínimo de 3 días de antelación con respecto da convocatoria da sesión, indicando e acreditando na devandita solicitude que se atopa nunha situación de baixa por risco durante o embarazo, que goza do permiso de maternidade ou paternidade, ou ben que padece enfermidade prolongada grave que clara e xustificadamente impide a súa asistencia persoal á sesión.

En tales casos a Presidencia indicará ao comezo da sesión, aos sós efectos do cómputo do quórum legal de asistencia para considerar válidamente constituído o órgano, o nome das persoas que teleasistirán á sesión.

4. Exclúense da posibilidade de participación a distancia:

- a) O Pleno de constitución da entidade local.
- b) A elección de Alcalde ou Alcaldesa, e de Presidente ou Presidenta da entidade local.
- c) A moción de censura.
- d) A cuestión de confianza.

5. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira grave o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados do Concello de Betanzos, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita por parte do Alcalde ou Alcaldesa, ou quen válidamente lles substitúa, ao

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos.

Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre os membros corporativos en tempo real durante a sesión, dispóndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Aos efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.

6. Os órganos colexiados que non sexan de goberno poderán celebrarse de xeito telemático a condición de que se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos, e audiovisuais, a identidade dos devanditos membros, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

En todo caso debe quedar garantida a participación do membro corporativo na votación dos asuntos a tratar, o cal equivale á garantía de expresar de forma inequívoca o sentido do voto e da súa liberdade para emitilo. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos as audioconferencias e as videoconferencias.

Betanzos, 14-11-2023

A alcaldesa

María Barral Varela